

XVI ANDAINA SAN PEDRO DE ROCAS – ESGOS

Domingo, 16 de xuño de 2024

REGULAMENTO ANDAINA CURTA – ANDAINA LONGA

1. ORGANIZACIÓN

O Concello de Esgos coa colaboración da Federación Galega de Atletismo organiza o domingo, 16 de xuño de 2024 A “XVI Andaina San Pedro de Rocas Esgos”

2. SAÍDA/CHEGADA – DISTANCIAS – HORARIO

2.1 Localización Saída - Meta

[Casa do Concello de Esgos](#)

2.2 Probas – Distancias – Horario

PROBA	DISTANCIA	DESNIVEL	SAÍDA	PECHE CONTROL
ANDAINA LONGA	18 Km	+620 m. aprox.	09:30	14:30
ANDAINA CURTA	8,5 Km	+370 m. aprox.	11:30	14:30

3. PARTICIPACIÓN – CATEGORÍAS

Poderán participar nesta andaina as persoas que o desexen sempre que estean inscritos nos prazos e formas establecidos ao efecto pola organización.

4. INSCRIPCIÓN

As inscricións na andaina realizaranse a través da web <https://carreirasgalegas.com/> ata as 23:59 horas do venres, 14 de xuño de 2024.

Prezo de inscrición: 12€

A inscrición na andaina da dereito a:

- Participación na andaina
- Camiseta conmemorativa
- Avituallamento
- Xantar ao remate das probas
- Sorteos

5. RECOLLIDA DE DORSAIS

A recollida de dorsais realizarase o domingo, 16 de xuño de 2024 na carpa habilitada a tal efecto na Praza da Souteira de Esgos dende as 08:30 horas.

6. SERVIZOS MÉDICOS – SEGUROS

6.1 Servizos Médicos

A andaina disporá de servizos médicos de acordo coa lexislación vixente.

6.2 Seguros

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da proba, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais, empregados e demais organizadores.

7. NORMATIVA

7.1 Aceptación do regulamento

Todas/os as/os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na andaina, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Organizador.

7.2 LOPD


Todas/os as/os corredoras/es ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nos medios de comunicación e/ou internet.

Mediante a súa inscrición a/o corredora/or consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos á FGA para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, a/o interesada/o pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á: Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow, 13, 15008, A Coruña, federacion@atletismo.gal.

DISPOSICIÓN FINAL


A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase.

ANEXO I – ANDAINA LONGA



Ligazón percorrido longo: <https://tracedetrail.fr/en/trace/255264>

ANEXO II – ANDAINA CURTA



Ligazón percorrido curto: <https://tracedetrail.fr/en/trace/255266>